

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA DEZAOTO DE DECEMBRO DE DOUS MIL NOVE.**

No Concello de Láncara, sendo as dezasete horas trinta minutos do día dezaoto de decembro de dous mil nove, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez , D. Andrés Manuel Caballero López , D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde , D. Celestino Rodríguez González, D. Dario A. Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia ,dáse conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O DÍA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.**

**2º.- OBRAS A INCLUIR NO” PLAN E”.**

**3º.-RECEPCIÓN DEFINITIVA DA OBRA “CAMIÑO DE CASA DE SÉ A MONTE DA ILLOA “, EN SANTA MARÍA DE LAMA, EXCUTADO POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.**

**4º.- DECRETO 339/2009, DO 11 DE XUÑO, SOBRE O DENACIÓN SANITARIA E XOOTÉCNICA DAS EXPLOTACIÓNS APÍCOLAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.**

**5º.-SOLICITUDE DE Dª Mª LUZ TOIRÁN VEGA, PRESIDENTA DA COMISIÓN DE FESTAS DE OLEIROS, SOLICITANDO SUBENCIÓN PARA A FESTA.**

**6º.-HONORARIOS ANTERPOXECTOS DOS ARQUITECTOS Dª LAURA PRIETO VARELA E D. ARTURO SILVOSA PÉREZ:**

**-“REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICA EN CARRACEDO”.**

**-“REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA PONTE ROMANA DE CARRACEDO”.**

**7°.- LIQUIDACIÓN E INFRACCIÓN DA INSPECCIÓN PROVINCIAL DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL DE D. CARLOS MENDEZ LÓPEZ E D. CARLOS MENDEZ CASTRO.**

**8°.-RELACIÓN DE GASTOS DE DON DARIO ANTONIO PIÑEIRO LÓPEZ, REALIZADOS DURANTE O SEU MANDAMENTO COMO ALCALDE.**

**9°.-RECTIFICACIÓN ERRO NA ACTA DO CONCURSO DE GANDO DA “XI FESTA DE DEGUSTACIÓN DA TERNEIRA GALEGA”, SOBRE ERRO NOS APELIDOS, DO TERCEIRO PREMIO EN TOUROS.**

**10°.-ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIO DE LÁNCARA, SOLICITANDO UN LOCAL.**

**11°.-DAR CONTA DOS DECRETOS SOBRE APROBACIÓN DA BANDEIRA E ESCUDO MUNICIPAL.**

**12°.-EXPEDIENTE OBRA “URBANIZACIÓN ENTORNO BARRIO DOS LABRADORES EN PUEBLA”, CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN.**

**13°.-UNIÓN FENOSA, PRESUPOSTO PARA SUMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA BOMBEO AUGA DE MOURILLÓN E TOUBILLE.**

**14°.-SUBVENCIONS ANO 2009 A ENTIDADES DEPORTIVAS E ASOCIACIÓN CULTURALS, SIN FINS LUCRATIVOS.**

**15°.-SUBVENCIONS AXUDAS DE TRANSPORTE A ESTUDIANTES.**

**16°.-PROXECTO BÁSICO DE MODIFICACIÓN Nº 1 “NUEVA LINEA DE ALTA VELOCIDAD ORENSE-MONFORTE-LUGO, VARIANTE DE LA PUEBLA DE SAN JULIÁN. PLATAFORMA Y VÍA”.**

**17°.-COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, ESCRITO DE HONORARIO PLAN DE SEGURIDADE, OBRA P. CEMENTERIO MUNICIPAL, FORMJULADO POR ANTONIO DE VEGA.**

**18°.-RECOLLIDA SELECTIVA DE EMBASES LIXEIROS CONTEDORES AMARELOS E TRASLADO A PLANTA.): OFERTA ECONÓMICA DE LIMPERGAL.**

**19°.-XESTIÓN PUNTO LIMPO, VACIADO DE CONTEDORES E TRATAMENTO DE RESÍDUOS: OFERTA ECONOMICA LIMPERAGAL.**

**20°.-MOCIÓN:**

**-PSG-PSOE:**

**-MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO OFREZA CLASES DE INGLES PARA ESCOLARES DE LÁNCARA.**

**-MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE LÁNCARA MELLORE O ALUMEADO PÚBLICO NA PONTE DE VALDRIZ.**

**-MOCIÓN PARA QUE O EQUIPO DE GOBERNO FAGA AS XESTIÓNS OPORTUNAS PARA BUSCAR FINANCIACIÓN PARA O ARRANXO DAS ESCOLAS DE MONSEIRO, VILLOUZÁN, SANTALLA DE LAGOS E VILARELLO.**

**-MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR A OBRA DE SANEAMENTO E BEIRARRÚAS DA RÚA OURENSE.**

**-MOCIÓN SOBRE ARRANXO DA ESTRADA DE POBRA DE SAN XIAO A OLEIROS PASANDO POR RONFE.**

**-MOCIÓN PARA QUE SE FAGAN AS XESTIÓNS NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOMASA E UN PARQUE EÓLICO.**

**-BNG.**

**-MOCION SOBRE A CALIFICACIÓN COMO URBAN DO CENTRO DE LÁNCARA, NO ENTORNO DO CRUCE DA LU-621 (ESTRADA POBOA-BARALLA) CO CAMIÑO QUE VAI O RÍO NEIRA.**

**21º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O DÍA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.**

Vistos os borradores das Actas da Sesión celebrada o día cinco de novembro de dous mil nove.

Visto que os Srs Concelleiros non lles foron entregados os barradores de ditas sesión.

Ditos borradores quedaron pendentes da súa aprobación, para a próxima sesión, instnado o responsable de súa entrega de que os borradores deben estar en posesión dos Concelleiro antes de que se celebren as sesións, e a poder ser no prazo de 10 días dende a súa celebración.

**2º.- OBRAS A INCLUIR NO” PLAN E”.**

Visto o Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro, polo que se crea o fondo estatal para o emprego e a sostenibilidade local.

Vista a Resolución de 2 de novembro de 2009.

Vista a relación de obras propostas polo equipo de goberno:

**-RECUPERACIÓN PASEO HISTÓRICO “A PONTE” DE PUEBLA DE SAN JULIAN (LANCARA) A ESCOUREDA (CORGO),RECUPERACIÓN DE JARDINES CLUB FLUVIAL,construcción pasarela sobre Río Neira.**

**-ADECUACIÓN Y MEJORA DE LAS ZONAS DE CAPTACIÓN PARA ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE A LÁNCARA Y MOURILLÓN.**

-INSTALACIÓN DE LOS VERTEDEROS , “PUNTOS DE ACOPIO “ PARA RECOGIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS EN : Reboleira, Oleiros, Villambrán , Lama Grande e Cedrón.

-PROYECTO DE MEJORA EN LA DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DE PUEBLA DE SAN JULIAN.

-PROYECTO DE SANEAMIENTO DEL NÚCLEO RURAL DE VILLAESTEVA Y NÚCLEO RURAL DE SUPENA (RONFE).

-CONSERVACION, URBANIZACIÓN Y ACCESOS, MIRADOR-PAISAJISTICO, DE OUTEIRO EN LÁNCARA.

-PROYECTO DE MEJORA DE LA RED DE AGUA DE MOURILLO Y TOUBILLE. SUMINISTRO DE ENERGIA ELÉCTRICA PARA BOMBEO, INCLUIDA REFORMA DE TRASFORMADOR.

-PROYECTO DE MEJORAS Y CONSERVACIÓN “CARBALLEIRA “ CAMPO DE LA FERIA DE PUEBLA DE SAN JULIAN.

-ADECUACIÓN Y SEÑALIZACIÓN CAMINO REAL.

-LIMPEZA DE DEPÓSITOS DE AUGA POTABLE.

Polo Sr. Alcalde explica ó pleno que representantes dunha empresa percorreron o Municipio para ver si era posible instalar Internet rural, poñendo de manifesto que quedaría algun punto negro.

Polo Concelleiro Andres Caballero López, quen acompañou os representantes da empresa explicou as condición en que se contrataría.

Polo Sr. Alcalde invita ó resto da Corporación a propoñer alguna obra, sempre que sexa viable e dentro do que marca a Lei, tendo en conta que non entran asfaltados.

Toma a palabra o Concellerío D. Dario A. Piñeiro López, quen manifesta que o de Internet lle parece ben a pasarela que lle parece tamen ben , en xeral que as obras lle parecen todas perfectas.

Por parte do Concelleiro D. Carlos Santiago López Sierra manifesta que as obras debían de ser consensuados por tódolos partidos do goberno.

Polo Sr. Secretario pon en coñecemento da Corporación que este ano o “Plan E” podese facer por subasta, xa que a baixa das obras podese incluír noutra obra.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a relación de obras propostas, incluída a obra ou servizo de INTERNET.

### **3º.-RECEPCIÓN DEFINITIVA DA OBRA “CAMIÑO DE CASA DE SÉ A MONTE DA ILLOA “, EN SANTA MARÍA DE LAMA, EXECUTADO POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.**

Visto o escrito da Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, polo que se comunica a recepción definitiva da obra “camiño

de casa de Sé a Monte da Ulloa en Santa María de Lama”, coa obriga de facerse cargo dela e conservala.

O Pleno por unanimidade,  
ACORDOU

Recibir a obra “camiño de casa de Sé a Monte da Ulloa en Santa María de Lama”.

**4º.- DECRETO 339/2009, DO 11 DE XUÑO, SOBRE O DENACIÓN SANITARIA E ZOOTÉCNICA DAS EXPLOTACIÓNS APÍCOLAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.**

Por parte do Sr. Secretario pon de manifesto que este decreto é importante sobre todo no medio rural , xa que regula as distancias das explotacións avícolas a estradas e sobre todo a casas , sendo estas as seguintes:

-Establecemento colectivos de carácter publico ou núcleos de poboación: 400 metros.

-A vivenda rurais habitadas, incluídas ou non en núcleos rurais :50 metros. Para o cálculo desta distancia consideraranse tamén como vivenda as instalacións contiguas a elas: construcións, instalación de lecer (pistas deportivas, piscinas,..) e terreos contiguos cultivados para autoconsumo (hortas, invernadoiros,..) nos cales a presenza humana sexa frecuente.

-Instalacións pecuarias:50 metros. Para o cálculo deste distancia consideraranse a nave, cortillo ou alpendre en que se manteñan habitualmente aos animais.

-Autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas: 100 metros. Medidos desde as arestas exteriores da explanación.

-Estradas convencionais de titularidade estatal, restantes estrada autonómicas ou provincias previstas na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia: 50 metros medidos desde as arestas exteriores da explanación.

-Estradas locais e camiños veciñais 25 metros.

-Pistas forestais as colmeas poderán instalarse nas beiras sen obstruír o paso.

O Pleno por unanimidade,  
ACORDOU:

Remitir un bando informativo os Alcaldes-Pedaneos coas distancias recollidas no artigo 8º de dita orde, para que tódolos veciños teñan unha información obxetiva.

**5º.-SOLICITUDE DE Dª Mª LUZ TOIRÁN VEGA, PRESIDENTA DA COMISIÓN DE FESTAS DE OLEIROS, SOLICITANDO SUBVENCIÓN PARA A FESTA.**

Vista a solicitude formulada pola presidenta da Comisión de Oleiros.

Visto que no orzamento do presente ano está contemplada, unha partida concreta para esta finalidade.

O Pleno por unanimidade,  
ACORDOU:

Prestar aprobación a dita solicitude e cando este xustificada pagar o 50% do xustificado, e como máximo 600,00 €

**6º.-HONORARIOS ANTERPROXECTOS DOS ARQUITECTOS Dª LAURA PRIETO VARELA E D. ARTURO SILVOSA PÉREZ:**

**-“REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICA EN CARRACEDO”.**

**-“REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA PONTE ROMANA DE CARRACEDO”.**

Vista a factura proforma Nº 01/09, correspondente ao 50% dos honorarios dos anteproxectos para “rehabilitación da antiga casa consistorial para centro de interpretación histórica en Carracedo, Láncara e “rehabilitación e acondicionamento da ponte romana de Carracedo en Láncara”, por importe de 7.571,57 €.

Tras un amplo debate, por parte do Concelleiro Carlos S. López Sierra, pon de manifesto que se debería buscar máis financiación para estas obras, xa que se dispón de 150.000, 00 € para unha inversión de 400.000,00 €, e que a Deputación estaría disposta a dar unha subvención .

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que non lle gusta o proxecto que non é viable, e que si este non se reforma o seu voto será negativo.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, pon de manifesto que a el lle gusta moito o proxecto e que o equipo de goberno debe tratar de buscar financiación para executar a obra.

Sometido o asuntos a votación , o Pleno por unanimidade,

**ACORDOU :**

Autorizar ó Sr. Alcalde para negociar os honorarios dos anteproxectos cos arquitectos

**7º.- LIQUIDACIÓN E INFRACCIÓN DA INSPECCIÓN PROVINCIAL DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL DE D. CARLOS MENDEZ LÓPEZ E D. CARLOS MENDEZ CASTRO.**

Vista a liquidación definitiva remitida pola Inspección de Traballo do que hai que pagar por concepto da Seguridade Social os traballadores D. Carlos Mendez López e Carlos Méndez Castro , que son 19 .229,04 máis unha sanción de 1.252,00 € que se debe pagar dentro deste mes para que non teña recargo.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU :**

Facer o pago a Seguridade Social dentro deste mes.

**8º.-RELACIÓN DE GASTOS DE DON DARIO ANTONIO PIÑEIRO LÓPEZ, REALIZADOS DURANTE O SEU MANDAMENTO COMO ALCALDE.**

Vista a Relación de gastos de dietas e xustificación das mesmas, presentada polo ex Sr. Alcalde, durante o período que estubo de Alcalde Xullo 2007 a outubro 2009:

<b>03-12-07</b>	<b>Selección personal obradoiro (5 comensales)</b>	<b>112,89</b>
<b>07-02-08</b>	<b>Reunión Fegan convenio C.P.I.</b>	<b>16,00</b>
<b>04-03-08</b>	<b>Reunión urbanismo (Plan Xeral)</b>	<b>44,40</b>
<b>18-07-08</b>	<b>Presentación Ramón Piñeiro 2008</b>	<b>203,30</b>
<b>18-07-08</b>	<b>Taxis</b>	<b>14,75</b>
<b>27-08-08</b>	<b>Presentación Ramón Piñeiro 2008</b>	<b>201,80</b>
<b>27-08-08</b>	<b>Taxis ,2 viajes (15+15)</b>	<b>30,00</b>
<b>17-09-08</b>	<b>Reunión Real Academio</b>	<b>111,50</b>
<b>06-10-08</b>	<b>Entrevista C. Industria (parques eólicos)</b>	<b>69,60</b>

**03-12-08 Reunión urbanismo (Plan Xeral) 30,80**  
**04-09-09 Facer pais 146,75**

O Pleno por maioría absoluta, coa abstención do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López,

ACORDOU:

Prestar aprobación a tódolos gastos e facer efectivo o seu pago, por importe de 981,79 €, con cargo ó presente exercicio.

**9º.-RECTIFICACIÓN ERRO NA ACTA DO CONCURSO DE GANDO DA “XI FESTA DE DEGUSTACIÓN DA TERNEIRA GALEGA”, SOBRE ERRO NOS APELIDOS, DO TERCEIRO PREMIO EN TOUROS.**

Visto que na acta do concurso de gando da “XI festa de degustación de terneira Gallega “, que fixeron os Veterinarios hai un erro , donde se fixo un talón a nome de Ceferino López Fernández , cando debía ser a nome de Ceferino Montes Fuentes.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Correxir dito erro e pagar a D. Ceferino Montes Fuentes os 30,00 €, correspondente ó terceiro premio de touros.

**10º.-ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIO DE LÁNCARA, SOLICITANDO UN LOCAL.**

Visto o escrito da Asociación de Comerciantes e Empresarios solicitando un local que poida ter acceso a Internet para poder seguir desempeñando as funcións da Asociación en beneficio dos empresarios e comerciantes do noso municipio.

O Sr. Alcalde ponde de manifesto que non se lles pode deixar o local que teñen actualmente para arquivo, e que cando se dispoña dun local adecuado se lles deixará.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Que cando se dispoña dun local se lles deixará para arquivo e desempeño das súas funcións.

**11º.-DAR CONTA DOS DECRETOS SOBRE APROBACIÓN DA BANDEIRA E ESCUDO MUNICIPAL.**

No D. O.G do día 27 de novembro de 2009, salen publicados os dous Decretos 420 e 421 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza , onde se aproba o escudo e bandeira do Concello de Láncara, Lugo, respectivamente, quedando aprobados definitivamente.

O Pleno dase por entrado de ditos Decretos, e afectos oficiais tanto o escudo como a bandeira serán os que rexerán a partir desta data.

**12º.-EXPEDIENTE OBRA “URBANIZACIÓN ENTORNO BARRIO DOS LABRADORES EN PUEBLA”, CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN.**

Vista a liquidación adicional do ano 2007 que fixo a Directora da obra “urbanización entrono barrio dos Labradores en Puebla” de duas farolas que se puxeron a maiores nesa praza , por importe de 1.954,92 €

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a liquidación adicional presentada por D<sup>a</sup> Gloria Trigo Mayor, directora da obra, por importe de 1.954,92, e aboar dito importe o contratista J.L. Barja S.L., con cargo ó orzamento do exercicio económico 2010.

### **13°.-UNIÓN FENOSA, PRESUPOSTO PARA SUMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA BOMBEO AUGA DE MOURILLÓN E TOUBILLE.**

Visto o presuposto de Unión Fenosa para suministro de enerxía eléctrica bombeo da auga de Mourillón e Toubille, linea e reforma do transformador, por importe de 37.871,69 €

O Sr. Alcalde manifesta que esta obra se incluiu no “Plan E”, por si pode ser subvencionada, e que tamen fixo xestións en Industria para ver si a subvencionan.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódalas xestións necesarias para poder executar a obra xa que é moi urxente poñer o servizo en funcionamento.

### **14°.-SUBVENCIONS ANO 2009 A ENTIDADES DEPORTIVAS E ASOCIACIÓNS CULTURAI, SIN FINS LUCRATIVOS.**

Vista a acta da Comisión Especial de Subvencións, celebrada o día dezaioito de decembro de dous mil nove, que fixo as seguintes propostas:

Loita contra o cancro para o ano 2009: 300,00 euros.

Alumnos que participen na excursión :CPI Ramón Piñeiro , Xogar Alfonso X e Gregorio Fernández : a 30 euros por alumno que participe na viaxe e este empadroad no Concello, durante o curso escolar 2009-2010.

Asociacións Culturais:

a)Asociación de Mulleres Rurales “O NOSO LAR”, con CIF: G-27233642: 1.500,00 €para o ano 2009.

b)Asociación Mulleres Rurais “MONTE TRASALVA”, con CIF:34252994-Z: 1.500,00 €para o ano 2009.

c)Asociación cultural “Xovama”, con CIF: G-27399690: 1.500,00 €para o ano 2009.

d)Asociación cultural Val de Lán cara, con CIF:G-27187822: 1.500,00 €para o ano 2009.

Panume: 600,00 € anualidade 2009.

Sometido o asunto a votación, o pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1°.-Conceder as seguintes subvencións:

Loita contra o cancro para o ano 2009: 300,00 euros.

Alumnos que participen na excursión :CPI Ramón Piñeiro , Xogar Alfonso X e Gregorio Fernández : a 30 euros por alumno que participe na viaxe e este empadroad no Concello, durante o curso escolar 2009-2010

Asociacións Culturais:



- a)Asociación de Mulleres Rurales “O NOSO LAR”, con CIF: G-27233642: 1.500,00 €para o ano 2009.
- b)Asociación Mulleres Rurais “MONTE TRASALVA”, con CIF:34252994-Z: 1.500,00 €para o ano 2009.
- c)Asociación cultural “Xovama”, con CIF: G-27399690: 1.500,00 €para o ano 2009.
- d)Asociación cultural Val de Lán cara, con CIF:G-27187822: 1.500,00 €para o ano 2009.

Panume: 600,00 € anualidade 2009-2010, tendo que realizar dúas actuacións de forma gratuita, unha en Pobra de San Xiao o día da Cabalgata de Reis e outra en Lán cara o día de Facer País.

2º.-Tódolos beneficiarios deben xustificar un gasto igual ou superior ó dobre da cantidade concedida.

3º.-Os gastos das Asociacións teñen que corresponder ó ano 2009 e deben presentarse antes do 31 de xaneiro do 2010, as Entidades Deportivas campaña 2009-2010 e os Colexios curso 2009-2010, sendo o prazo de xustificación o 30-06-2010.

#### **15º.-SUBVENCIONS AXUDAS DE TRANSPORTE A ESTUDIANTES.**

Vista a acta da Comisión de Axudas para Transporte Escolar , celebrada o día dezaoito de decembro de dous mil nove , que fixo a seguinte proposta:

“Por unanimidade propónse que se conceda TRESCENTOS EUROS (300 €) aos seguintes peticionarios:

- 1.-Thais Fernández Rey, con domicilio en Traliste.
- 2.-Tamara Alvarez Parga, con domicilio en Lán cara.
- 3.-Pablo Balboa Amado, con domicilio en Bande.
- 4.- Pablo Rivera López, con domicilio en Balse- Lán cara.
- 5.-Alba Rodríguez Fuentes, con domicilio en Vilaleo.
- 6.-Iago Jacob Rodríguez, con domicilio en Puebla.
- 7.-José Abel López López, con domicilio en Muro.
- 8.-Marío José García Porto, con domicilio en Puebla
- 9.-Nerea Fernández Rivera, con domicilio en Carracedo.
- 10.-Raquel Alvarez Sobrado, con domicilio en Sta. Mª de Lama
- 11.-Raquel Arrojo Vázquez , con domicilio en Muro.
- 12.-Sonia Arrojo Vázquez, con domicilio en Muro.
- 13.-Diego Rey Fernández, con domicilio en Trasliste.
- 14.-Sandra Núñez Meneses, con domicilio en Ariz-Puebla de S. Julián.
- 15.-Andrea Pardo Rey, con domicilio en Traliste.

E que se conceden TRESCENTOSCINCuenta EUROS (350,00 €) a os seguintes peticionarios.

- 16.-Silvia Fernández Rey, con domicilio en Neira.
- 17.-José Manuel Nunes Vilar, con domicilio en Puebla de San Julián.
- 18.-Vanesa Valcárcel García, con domicilio en Muro.
- 19.-Horacio Castro López, con domicilio en Ronfe.
- 20.-Marta Salgado López, con domicilio en Trasliste.
- 21.-Tamara Salgado López, con domicilio en Trasliste.
- 22.-Sara Cela Rodríguez, con domicilio en Lán cara.”

Sometido o asunto a votación, o pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Conceder as seguintes subvencións para transporte de estudantes:

TRESCENTOS EUROS (300 €) aos seguintes peticionarios:

- 1.-Thais Fernández Rey, con domicilio en Traliste.
- 2.-Tamara Alvarez Parga, con domicilio en Láncara.
- 3.-Pablo Balboa Amado, con domicilio en Bande.
- 4.- Pablo Rivera López, con domicilio en Balse- Láncara.
- 5.-Alba Rodríguez Fuentes, con domicilio en Vilaleo.
- 6.-Iago Jacob Rodríguez, con domicilio en Puebla.
- 7.-José Abel López López, con domicilio en Muro.
- 8.-Marío José García Porto, con domicilio en Puebla
- 9.-Nerea Fernández Rivera, con domicilio en Carracedo.
- 10.-Raquel Alvarez Sobrado, con domicilio en Sta. Mª de Lama
- 11.-Raquel Arrojo Vázquez , con domicilio en Muro.
- 12.-Sonia Arrojo Vázquez, con domicilio en Muro.
- 13.-Diego Rey Fernández, con domicilio en Traslite.
- 14.-Sandra Núñez Meneses, con domicilio en Ariz-Puebla de S. Julián.
- 15.-Andrea Pardo Rey, con domicilio en Traliste.

TRESCENTOSCINCuenta EUROS (350 €) a os seguintes peticionarios.

- 16.-Silvia Fernández Rey, con domicilio en Neira.
- 17.-José Manuel Nunes Vilar, con domicilio en Puebla de San Julián.
- 18.-Vanesa Valcárcel García, con domicilio en Muro.
- 19.-Horacio Castro López, con domicilio en Ronfe.
- 20.-Marta Salgado López, con domicilio en Traslite.
- 21.-Tamara Salgado López, con domicilio en Traslite.
- 22.-Sara Cela Rodríguez, con domicilio en Láncara.

2º.- Que xustifiquen a asistencia habitualmente a clases, certificado pola dirección do centro, e de declaración xurada que se realizou o transporte que se subvenciona.

3º.-Para o caso de que non se termine o curso ou non se aporten os xustificantes anteriores, non conceder ditas axudas.

**16º.-PROXECTO BÁSICO DE MODIFICACIÓN Nº 1 “NUEVA LINEA DE ALTA VELOCIDAD ORENSE-MONFORTE-LUGO, VARIANTE DE LA PUEBLA DE SAN JULIÁN. PLATAFORMA Y VÍA”.**

Visto o proxecto básico de modificación nº 1 “nueva linea de alta velocidade Orense-Monforte-Lugo, variante de la Puebla de San Julián. Plataforma y vía”.

O Pleno deuse por enterado de dita modificación, así como da súa exposición pública.

**17º.-COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, ESCRITO DE HONORARIO PLAN DE SEGURIDADE, OBRA P. CEMENTERIO MUNICIPAL, FORMULADO POR ANTONIO DE VEGA.**

Visto o escrito do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, sobre honorarios Plan de Seguridade da obra “P. Cementerio Municipal”, por importe de 775,68 €, presentada polo Arquitecto D. Antonio de Vega Rodríguez.

O Pleno, por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a factura e aboar ó Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia a cantidade de 775,68 € para retirar o Plan de Seguridade da obra P. Cementerio Municipal, debendo facer a correspondente retención legal para I.R.P.F. 15%.

**18°.-RECOLLIDA SELECTIVA DE EMBASES LIXEIROS CONTEDORES AMARELOS E TRASLADO A PLANTA.): OFERTA ECONÓMICA DE LIMPERGAL.**

Vista a oferta económica de limpergal para recollida selectiva de embases lixeiros.

Aberto o debate, por parte dos Concelleiros D. Dario A. Piñeiro López e Carlos S. López Sierra, poñen de manifesto que dous días ó mes de recollida lles parece pouco, que ademais se lle esta dando traballo a unha persoa do Concello e si se pasa a unha empresa o traballador poñerá a empresa.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que o traballador tamen pode pasar a ser traballador da empresa., ou que a empresa colla un traballador do propio Concello.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Abstencións : 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

1°.-Quedando por conseguinte adxudicada a recollida selectiva de embases lixeiros contedores amarelos e traslado a planta a empresa limpergal, mediante contrato menor, polo prazo máximo dun ano, e polo prezo de 3.600,00 € anuais IVE engadido.

2°.-Dar traslado deste acordo a SOGAMA, e ECOEMBES.

3°.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**19°.-XESTIÓN PUNTO LIMPO, VACIADO DE CONTEDORES E TRATAMENTO DE RESÍDUOS: OFERTA ECONOMICA LIMPERAGAL.**

Vista a oferta económica de Limpergal:

Chatarra-Traslado: 130 €viaxe

Tratamento (abono según precio mercado)

Voluminosos:Traslado :270 €viaxe

Tratamento :156 €TM.

Equipos electrónicos: traslado:325 €viaxe.

Tratamento:263,35 €TM.

Neumáticos: 215 €TM.

Envases vacios:traslado:175 €viaxe.

Tratamento:269 €TM.

Mano de obra: 3950 € ano.

Mano de obra, operario 2 días a semana (1 mañá e 1 tarde), cun total de 6 horas semanais. Os prezos de xestión poden variar para o exercicio 2010.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que a xestión do punto limpo o faga Limpergal, ó ser a empresa que xa está facendo a recollida do lixo normal, en todo o Término Municipal.

Nos último tempo haubo duas denuncias pola mala xestión e tratamento dos residuos no punto limpo, sancións que tera que facer fronte o Concello cando se fagan firmes, inda que actualmente están recurridas e para o caso de

que estivera xestionado por unha empresa, sería esta que tiña que correr cos gastos.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Abstencións : 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

1º.-Quedando por conseguinte adxudicada a xestión do punto limpo, vaciado de contadores e tratamento de residuos a empresa Limpergar, mediante contrato menor, polo prazo máximo dun ano, polos importes resañados anteriormente, sendo esta empresa responsable de tódalas sancions administrativas que se produzan a partir da data do contrato.

2º.-Dar traslado deste acordo a SOGAMA, e ECOEMBES.

3º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

## **20º.-MOCIÓNS:**

### **-PSG-PSOE:**

#### **-MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO OFREZA CLASES DE INGLES PARA ESCOLARES DE LÁNCARA.**

Lida a moción polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro,

Aberto o debate polo Concelleiro D. Andres Caballero López pon de manifesto que eles estan facendo xestións para legalizar a situación do profesor de ingles que se lle deixou un local na Biblioteca sin consultar con ninguen, este profesor cobra 5 € a hora e estas clases deben ser pagadas polos interesados. O ensino e competencia da Consellería de Educación, e no colexio público hai 36 horas semanais de ingles, en tódolos cursos.

O Concelleiro Dario A. Piñeiro López manifesta que el cando foi Alcalde non lle deixou o local a ninguen., asunto que debe ser aclarado, xa que el non ten ningunha responsabilidade ó respecto.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que se aprobou unha subvención de 300,00 € para os alumnos que estudian fora do Concello e pagarlles tamen unhas clases de ingles cando no Colexio público hai profesores que dan estas clases , que estan obrigados por Lei, non me parece ético, outra cousa é que si existe un caso puntual de familia numerosa ou que non teña medios, haberá que estudar o caso para pagarlle as clases, neste momento pareceme crear un mal precedente pagar clases de ingles.

Polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro manifesta que os cidadanos de Láncara sentiranse decepcionados si non se aproba esta moción .

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

#### **-MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE LÁNCARA MELLORE O ALUMEADO PÚBLICO NA PONTE DE VALDRIZ.**

Lida a moción polo Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro,

Por parte do Sr. Alcalde pon de manifesto que lle dixo o Conselleiro que a principios do ano 2010 iniciaranse os trámites da expropiación da estrada Pobra-Baralla e que a continuación farase a estrada , non obstante podese poñer unha farala ou duas.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

**-MOCIÓN PARA QUE O EQUIPO DE GOBERNO FAGA AS XESTIÓNS OPORTUNAS PARA BUSCAR FINANCIACIÓN PARA O ARRANXO DAS ESCOLAS DE MONSEIRO, VILLOUZÁN, SANTALLA DE LAGOS E VILARELLO.**

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, pon de manifesto que cree que esta aberto o prazo para solicitar Escolas Taller e Obradoiros que se poderían arranxar estas escolas por este medio ou incluso cree que podería ser polo “Plan E”.

Por parte do Sr. Alcalde respotalle que xa se está tramitando un Obradoiro e que neste proxecto vaise meter o colexio de Vilarello e Santalla de Lagos e os lacais onde está correos, cando marchen. Que si se pode conseguir algunha subvención para arranxar outras escolas que se fará.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

**-MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR A OBRA DE SANEAMENTO E BEIRARRÚAS DA RÚA OURENSE.**

Por parte do Concelleiro Dario Antonio Piñeiro López, explicase o contido da moción.

Polo Sr. Alcalde explicase que este proxecto non é viable e este problema xa o coñecía o Alcalde sainte e nunha reunión o Conselleiro de Industria e o de Medio Ambiente manifestaron que a obra non era viable porque faltaba diñeiro e que non se podía facer, que para o ano adquirían o compromiso de financiar o resto da obra, modificaremos o proxecto para ver o coste real da obra.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción despois de discutir o asunto e feitas as aclaracións oportunas

**-MOCIÓN SOBRE ARRANXO DA ESTRADA DE POBRA DE SAN XIAO A OLEIROS PASANDO POR RONFE.**

Polo Conconcelleiro D. Dario A. Piñeiro López, mafista que nunha Comisión de Goberno acordouse comunicarlle a empresa que fai as obra de RENFE que ou arranxaba a estrada ou se limitaba o peso a 6 Tm.

Polo Concelleiro José M. Neira Castro manifesta que a estrada xa debía de estar arranxada pero non se fixo polo temporal, que estan traballando nela.

Non se someta a moción a votación xa que estan arranxando a estrada.

**-MOCIÓN PARA QUE SE FAGAN AS XESTIÓNS NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOMASA E UN PARQUE EÓLICO.**

Lida e explicada a moción polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López.

O Sr. Alcalde dirixese ó Sr. Excalcalde, para poñerlle de manifesto que como retoma este asunto xa que cando eu marchei de Alcalde quedaba xa o proxecto feito, dispoñibilidade de terreos e liña de evacuación para un parque eólico singular, para os tres Concellos de Láncara, Samos e Triacastela.

En relación con este asunto xa teño concedida unha entrevista para o día 13 de xaneiro e posiblemente iremos os tres Alcaldes dos Concellos antes reseñados.

No referente a biomasa teño igualmente retomado o asuntos.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

**-BNG.**

**-MOCION SOBRE A CALIFICACIÓN COMO URBAN DO CENTRO DE LÁNCARA, NO ENTORNO DO CRUCE DA LU-621 (ESTRADA POBOA-BARALLA) CO CAMIÑO QUE VAI O RÍO NEIRA.**

Lida a moción polo Sr. Secretario a petición do promotor da mesma.

Polo Concelleiro Carlos S. López Sierra pon de manifesto que considera un lugar como punto de referencia para Láncara, que espera que se aprobe no Plan Xeral.

O equipo de Goberno rexeita esta moción, xa que debe aprobarse definitivamente o plan xeral.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: 6 (4 do P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

**DECLARACIÓN DE URXENCIA.**

Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os once Concelleiros que asistiron á sesión.

**MOCIÓN DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR A TRAVES DO CONCELLEIRO JOSE MANUEL NEIRA CASTRO COMO RESPONSABLE DA ÁREA DE SANIDADE NO CONCELLO DE LÁNCARA EN BASE Á LEXISLACIÓN VIGENTE, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN:**

**SENDO SABEDORES DA AUSENCIA POR BAIXA LABORAL DA PEDIATRA QUE EXERCE TODOLOS VENRES A SUA ACTIVIDADE NO CENTRO DE SAUDE DO CONCELLO DE LANCARA, E SENDO TAMEN SABEDOR DA GRAN DEMANDA VECIÑAL PARA REFORZAR ESTE SERVIZO, PROPOÑEMOS SOLICITAR Á CONSELLERIA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA CUBRIR A BAIXA E AUMENTAR A CONSULTA DE 1 A 2 DÍAS Á SEMAN.**

Dase lectura íntegra por parte do Sr. Secretario a moción.

Tras un amplo debate por parte de tódolos Concelleiros.

Sometido o asunto a votación,

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación a moción .

2º.-Remitir certificación deste acordo a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Xefe do Servizo Territorial .

3º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**21º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS:**

Polo Concelleiro **Arturo Sobrado Castro Roga por escrito** que a empresa de aglomerados OVISA que se quería instalar aquí debería ter unha xuntanza cos propietarios existentes entre a nave comercial finca Belén a nave comercial Muebles Julián.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que se fara una reunión cos afectados.

Neste intre o Concelleiro Arturo Sobrado Castro facilita o teléfono de contacto 608 67-18-04.

Polo Concelleiro **Dario A. Piñeiro López roga**

1º.-Que se identifiquen nas actas das Comisións de Goberno as persoas que se lles conceden permisos, etc., para poder ter una maior información.

2º.-Que os Plenos se leven tódolos Decretos para dar conta dos mesmos.

Por parte do Concelleiro **Celestino Rodríguez González roga** que se poñan diversos puntos de alumeadado público en Láncara dende “o Benjamín a praia fluvial”, xa que o propietario da casa ingresou os 2.000,00 €

O **Sr. Alcalde roga** o Concelleiro Carlos S. López Sierra, para que faga os trámites oportunos coa Excm. Deputación, tal como quedara , ó obxecto de que se faga busto do Sr. de Baos (exalcalde deste Concello) para colocar en Carracedo.

**PREGUNTAS:**

Por parte do Concelleiro **Dario A. Piñeiro López, pregunta** por escrito ¿Qué obras pediu o TEGA para poder pactar co grupo Popular en beneficio dos veciños de Láncara?.

O Sr. Alcalde respotalle que o acordo esta explicado na moción de censura e tamen as obras que ningún Concelleiro pediu obras para si que todas son para os veciños do Concello.

O Concelleiro **Dario A. Piñeiro López, pregunta** ¿Cando comenza a sinalización das Rúas?

O Sr. Alcalde resposta que cando se coloquen os sinais grandes, se sinalizaran as Rúas.

Que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 27-11-09, hai un erro material, xa que non se trata da obra acordada o 24-10-2008, polo que ten que ser con cargo ó orzamento do ano 2009.

Aclarado dito erro acordase correxir o acordo da xunta de goberno local de 27-11-09, no parágrafo que se cometeu o erro.

¿Porque estivo o alumeadado público do Campo da Feira encendido unha semana?.

O Concelleiro Andre Caballero López , respotalle que estivo encendido porque estaba avariado e arranxouse cando se tivo coñecemento.

O Concelleiro **Dario A. Piñeiro López, pregunta ó Concelleiro Andres Caballero López** ¿Cando vai propoñer sacar a produtividade os funcionarios.

Respostando este Concelleiro que cando o Sr. alcalde o considere necesario.

O Concelleiro **Dario A. Piñeiro López, pregunta ó Concelleiro José M. Neria Castro** ¿Cando vai a sortear a becerra relacionada coa pregunta feita no Pleno de 24-07-07?

Respostandolle este Concelleiro que non vai haber ningún sorteo .

Continua preguntandolle ¿donde esta enton ?

Contestandolle este Concelleiro que estará onde esta a carne sobrante da terneira galega do presente ano, que tiña o Concelleiro Sobrado.

Continua preguntando o Concelleiro Dario A. Piñeiro López ¿ De quen era a becerá e si era do partido popular?.

Contestaselle que era nosa .

Por parte do Concelleiro José M. Neira Castro, preguntalle ó Concelleiro Dario A. Piñeiro López si dende que saiu de Alcalde aprendeu algunha educación, xa que o día que se presentou a moción de censura non demostrou ter moita o recordarse da miña nai, que finou fai moitos anos.

Neste intre o Sr. Alcalde pide orden os Sres. Concelleiros.

Finalmente o Sr. Alcalde manifesta que Terras do Miño remitiu este Concello a cuota do ano 2009, cando este Concello xa non estaba dentro desta Asociación.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Facer xestión para renunciar a ser socio de Terra do Miño.

2º.-Facultar o Sr. Alcalde para que estudie este asunto e levalo de no o Pleno.

Por parte do Concelleiro Carlos Santiago López Sierra pon de manifesto que a escritora Luz Pozo Garza, homenaxeada no último premio Facer País, enviou un exemplar do libro “Clave Orión números XII-XIII,-XIV-XV anos 2005-2009” adicado este Concello.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Dar as grazas a D<sup>a</sup> Luz Pozo Garza polo libro regalado e adicado este Concello.

2º.-Que este exemplar pase a formar parte dos fondos da Biblioteca Municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e duas horas corente minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.